



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Turismo



GAIA Animación
Xestión Cultural e Tempo Libre
Teléfonos: 655 83 58 27 - 655 83 58 31

BASES

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

“FESTA DA AMEIXA 2017”

- 1) O presente Concurso ten como obxecto a difusión cultural, relance e promoción da “Festa da Ameixa”, **Campelo 2017**.
- 2) A temática das fotografías a presentar versará sobre a “Festa da Ameixa” de Campelo, o Concello de Poio, as labores tradicionais, as xentes,...así como o concepto e carácter de sostenibilidade da mesma.
- 3) Presentación de fotografías: fotos a cor ou en branco e negro, brillo ou mate cun **tamaño mínimo de 15x20 centímetros**. Non se aceptarán fotografías que teñan sido manipuladas por ordenador.
- 4) Cada participante poderá presentar un máximo de **dúas obras**. No caso de presentar mais de dúas obras, consideraranse excluídas tódalas obras presentadas.
- 5) O prazo de admisión dos traballos abrirase o **1 de agosto e pecharase o 31 de agosto** de 2017 ás 14:00 horas.

Os traballos presentaranse de luns a venres no Casal de Ferreirós a través do enderezo electrónico ameixaconcursofotos@concellopoio.net. As bases de dito consurso poderán consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Poio e na páxina web do Concello: **www.concellopoio.gal**

- 6) As obras serán presentadas sen firma do/da autor/a e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo da fotografía. Irán acompañadas dun documento anexo onde figurará o mesmo lema que o das fotografías.



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Turismo



GAIA Animación
Xestión Cultural e Tempo Libre
Teléfonos: 655 03 58 27 - 655 03 58 31

o nome e apelidos do/a autor/a, residencia, domicilio, número de teléfono e fotocopia do Documento Nacional de Identidade. Tamén acompañará una declaración xurada na que se reflicta a autoría da obra.

- 7) Os gastos de envío e devolución das obras serán por conta dos/as concursantes.
- 8) Sistemas de elección das fotografías premiadas
 - a) A obra gañadora será a elección levada a cabo polo Xurado:
 - Moncho Rivas,
 - Cristina Varela Casal, Profesora Doctora na Área de Didáctica de la Expresión Plástica da Universidade de Vigo.
 - Un/ha representante da Oficiña de turismo de Poio.
 - Unha representante da A.MM. ARELA –
 - Unha representante de Gaia Animación, empresa de Xestión Sociocultural.

Neste Xurado tódolos seus membros contarán con voz e voto. O Xurado considerará, prioritariamente, a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a súa sintonía co espírito da “Festa da Ameixa” e o conceto de sostenibilidade da mesma.

- 9) O fallo do Xurado será publicado nos medios de comunicación local e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Poio. Asimismo, resérvase o dereito de declarar deserto o premio no caso de que ningunha das obras presentadas se axusten ás presentes Bases ou non representen a mensaxe e espírito da festa.



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Turismo



GAIA Animación
Xestión Cultural e Tempo Libre
Teléfonos: 655 83 58 27 - 655 83 58 31

10) Establécese un primeiro premio consistente nun vale en material fotográfico ou similar valorado en 300 Euros, un segundo premio dun vale en material fotográfico ou similar valorado en 200 Euros e un terceiro premio dun vale en material fotográfico ou similar de 100 Euros.

11) Os gañadores do premio correspondente outorgarán ó Concello de Poio a propiedade da obra. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Poio adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, tódolos dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderá libremente e sen pago de máis prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible o intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

12) Coas obras gañadoras e as presentadas, o Concello de Poio resérvase o dereito de organizar unha exposición. Igualmente resérvase o dereito de organizar outras exposicións públicas en espazos e datas a determinar. Neste suposto, as fotografías seleccionadas poderán ser retiradas no prazo de trinta días hábiles seguintes á clausura da última das exposicións. Os autores das obras exhibidas que no teñan obtido premio non terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición se indicará a autoría e poderán solicitar que se emita un certificado de que a obra teña participado en dita exposición.



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Turismo



GAIA Animación
Xestión Cultural e Tempo Libre
Teléfonos: 655 83 58 27 - 655 83 58 31

13) As fotografías (copias en papel) pasarán a formar parte dos arquivos do Concello de Poio. O uso destas copias será exclusivamente para a promoción turística do municipio.

14) A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado e da votación.

DESTINATARIOS

Poderá participar calqueira persoa física, maior de idade que cumpra as condicións das bases.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

A entrega das fotografías será a través do enderezo electrónico ameixaconcursofotos@concellopoio.net pertencente a Oficina de Turismo do Casal de Ferreirós, sito na Avda. Andurique nº 43, 36163 de Poio con teléfono de contacto 986 83 32 04.

Estas bases poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Poio e na páxina web www.concellopoio.gal

DATAS E HORARIOS

As fotografías recepcionaranse entre o **1 e o 31 de agosto de 2017**. En horario de 9:00 a 14:00 horas.